

Modelos líricos de finais do século XX. Características.

Autores e obras

ESQUEMA

- 1.- Transición política: Constitución, Estatuto, Lei de Normalización.
- 2.- Esplendor para as artes: editoriais, publicacións, premios.
- 3.- Síntese de xeracións (enlace entre clásicos e novos).
- 4.- Os novísimos.
- 5.- Culturalismo dos anos 80: grupos de Vigo, Compostela e Coruña.
- 6.- A eclosión dos 90: novas editoriais, novos premios, novos espectáculos.

EXPOSICIÓN

O restablecemento da **democracia** e do rexime de liberdades, a aprobación do **Estatuto de Autonomía** (1980), o recoñecemento da **oficialidade** da lingua galega, así a entrada desta no **ensino** e a aprobación da **Lei de Normalización Lingüística** (1983) propiciaron a presenza do noso idioma nos ámbitos máis formais.

Todos estes factores favoreceron a dinamización artística dos anos 80. Diferentes entidades (colexios, asociacións, concellos...) organizan encontros e recitais, apoian a aparición de revistas literarias e patrocinan certames literarios (O Facho; Esquí; Leliadoura; González Garcés...). O número de publicacións multiplícase e, simultaneamente, van aparecendo obras de mestres de etapas anteriores e das numerosas voces que se incorporan entre os anos oitenta e o tránsito entre os séculos.

As poéticas de **Luz Pozo** (Xeración de Enlace), **Novoneyra**, **Manuel María** ou **Avilés de Taramancos** (Festas Minervais) e **Xosé Luís Méndez Ferrín** (Brais Pinto) serven de modelo e de fonte de inspiración para os incipientes grupos poéticos.

Situados no tránsito entre a xeración dos 50 e a dos 80, os “**novísimos**” da poesía galega son homes e mulleres (Darío X. Cabana; Margarita Ledo; Fiz Vergara...) poetas de tendencia social-realista -moi directamente relacionados coa **canción protesta**-, influídos por **Celso Emilio Ferreiro** e **Manuel María**.

No decenio que abarca de 1980 a 1990, emerxe unha renovación poética, aberta a outras literaturas, a outras artes e redescubridora de poéticas vangardistas tan diferentes como as de **Manuel Antonio** e **Álvaro Cunqueiro**. É poesía **culturalista**, inspirada ademais en poetas doutras nacionalidades (**Villon; Kavafis**), na recreación de mitos e nas máis diversas referencias musicais (**Bach; Leonard Cohen; blues; jazz...**). Colectivamente, en Vigo surxe o grupo **Rompente; Cravo Fondo** en Compostela; e a publicación colectiva **De amor de desamor** na Coruña. Xa máis nun plano individual, este foi o momento da consagración literaria de **Xosé María Álvarez Cáceamo**, **Miguel Anxo Fernán Vello** e **Pilar Pallarés**.

Nos anos 90 configúrase un novo escenario lírico, con verdadeira eclosión de autores e autoras novos. Son persoas xa formadas en lingua e literatura galegas nos centros de ensino; coñecen as regras gramaticais e estudaron a tradición literaria. Por outra parte, nesta época a poesía aproxímase aos ambientes xuvenís: fanse recitais en festas populares, en institutos e universidades, e mesmo en diversos locais de lecer (bares e centros sociais). Aos canais clásicos, súmanse agora **novas editoriais** (Espiral Maior e Letras de Cal) e nacen **novos premios** (Espiral Maior; Martín Codax; González Garcés; así como outros apoiados por diversos concellos). O número de publicacións literarias multiplícase e a poética feminina alcanza un esplendor sen precedentes na nosa literatura, igual que acontece na maioría dos países occidentais. Entre outras moitas, algunhas das voces máis representativas son Iolanda Castaño, Olga Novo, Miro e Rafa Villar...